

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Aprobación inicial da actualización das tarifas dos servizos urbanos de taxi no Concello de Carral (expediente 2024/V015/000004)

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Carral, en sesión ordinaria realizada o día 27 de marzo de 2025, acordou aprobar inicialmente a actualización das tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi no Concello de Carral, que se recolle no presente, e someter o expediente a información pública.

De acordo co exposto, sométese o expediente a información pública mediante anuncio no BOP, no taboleiro de anuncios da Corporación e na web municipal, durante o prazo de 20 días, contado a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de A Coruña, para a presentación de alegacións.

No suposto de que non se formulen alegacións e se dispoña da autorización da Comisión de prezos, o acordo elevarase automaticamente a definitivo, sen necesidade de acordo plenario, debéndose así facer público no Boletín Oficial da Provincia.

O expediente completo estará a disposición das persoas interesadas no departamento de Secretaría do Concello.

TARIFAS APROBADAS INICIALMENTE

CONCEPTOS	IMPORTE	IMPORTE
TARIFA 1	CON IVA	SIN IVA
BAIXADA DE BANDEIRA (a)	3,85	3,50
KM RECORRIDO	1,10	1,00
HORA DE ESPERA	16,50	15,00
SUPLEMENTO CANS E GATOS ©	0,70	0,64
SUPLEMENTO OCUPACIÓN MALETERO ©	0,70	0,64

CONCEPTOS	IMPORTE	IMPORTE
TARIFA 2	CON IVA	SIN IVA
BAIXADA DE BANDEIRA (b)	4,50	4,09
KM RECORRIDO	1,32	1,20
HORA DE ESPERA	19,80	18,00
SUPLEMENTO CANS E GATOS ©	0,70	0,64
SUPLEMENTO OCUPACIÓN MALETERO ©	0,70	0,64

SUPLEMENTO NOITEBOA E FIN DE ANO (Tarifa 1 e 2)	2,00	1,82
---	------	------

APLICACIÓN DE TARIFAS Y SUPLEMENTOS:

TARIFA 1.-Aplicable en días laborais de 06.00 a 22.00 horas

TARIFA 2.- Aplicable en días laborais de 22.00 a 06.00 horas, os venres dende as 22:00 horas, sábados, domingos, festivos e o 24 e 31 de decembro durante as 24 horas.

(a) – A baixada de bandeira en Tarifa 1, inclúe 1.700,00 metros, ou tempo equivalente

(b) - A baixada de bandeira en Tarifa 2, inclúe 1.700,00 metros, ou tempo equivalente

(c) Excepcións:

Non se cobrará este suplemento por transportar sillas de PMR ou de menos.

Tampouco se aplicará este suplemento polo traslado de cans lazarillos.

Cada pasaxeiro ten dereito a transportar gratuitamente no maletero do vehículo, un bulto de equipaxe ou pertenza.

SUPLEMENTO DE NOITEBOA E FIN DE ANO (en ambas tarifas)

Día 24 de decembro dende as 22:00 horas ás 08:00 horas do día 25 de decembro.

Día 31 de decembro dende as 22:00 horas ás 08:00 horas do día 1 de xaneiro

Carral, 28 de marzo de 2025

O Alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

2025/2005